

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020854	CPI de Xanceda	Mesía	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se configurará neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

A materia é impartida polo departamento de Xeografía e Historia do CPI de Xanceda. Precisamente outro aspecto tipo en conta é o centro no que se imparte e o seu contexto.

O CPI de Xanceda é un centro rural, situado no concello de Mesía, un concello do interior con pouca poboación. Neste concello predominan as actividades do sector primario (agricultura e gandería), aínda que a presenza do sector secundario é importante grazas a unhas poucas empresas adicadas á fabricación de tellas, a produción de produtos de carpintería e de produtos lácteos. O sector servizos está pouco representado, e os habitantes da zona trasládanse a Curtis ou a Ordes para cubrir estas necesidades.

O centro conta entre todos os ciclos ofertados cun alumnado total de 175. Ofértanse os seguintes ciclos: Educación Infantil e Educación Primaria (110 alumnos/as) e máis Educación Secundaria Obrigatoria (55 alumnos/as).

Na ESO, hai:

- 1 grupo de 1º de ESO: 16 alumnos/as.
- 1 grupo de 2º de ESO: 17 alumnos/as.
- 1 grupo de 3º de ESO: 14 alumnos/as.
- 1 grupo de 4º de ESO: 8 alumnos/as.

As zonas de infantil e primaria están nunha ala do centro diferente á de secundaria, aínda que os tres ciclos comparten patio e instalacións deportivas, biblioteca, aulas de informática e servizos administrativos e de coidado do centro. Porén, o alumnado dos diferentes ciclos ten horarios dispostos para non compartir zonas comúns.

As aulas da ESO son aulas edixgal. O alumnado de todo os niveis da ESO está integrado no Edixgal, polo que cada alumna ou alumno ten un ordenador de seu. Ademais, están dispoñíbeis dúas aulas de informática.

O grupo de 4º de ESO consta de 8 alumnos e alumnas pero só 1 deles cursa a materia de Proxecto Competencial. Trátase dun rapaz que amosa interese e preocupación pola materia.

A programación didáctica é un documento que planifica o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e como tal é un documento flexíbel, que se poderá cambiar cada fin de trimestre en caso necesario, para adaptarse ás realidades do proceso e do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fago unha páxina web	Aprenderemos as bases da programación HTML, para realizar unha pequena páxina web.	30	13	X		
2	Campaña de turismo	Facemos unha pequena campaña de promoción turística do concello.	40	10		X	
3	Só temos unha Terra	Faremos un pequeno vídeo explicando os principais problemas medioambientais da Terra e apuntando a posíbeis solucións	30	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Fago unha páxina web	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da curtametraxe.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Campaña de turismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Só temos unha Terra	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación da curtametraxe.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do presente curso realizaremos tres proxectos a través dos cales iremos traballando todas as competencias básica.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, o obxectivo é realizar unha páxina web, aínda que sexa moi básica, recorrendo á linguaxe HTML. O alumno familiarizarase con esta linguaxe de programación e aprenderá a introducir imaxes e vídeos. Para engadirlle valor os contidos da páxina estarán relacionados coa materia de Lingua Galega, de maneira que a páxina lle poida servir para repasar para esta asignatura. Debera planificar os contidos e estruturalos correctamente.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, o alumno deberá informarse sobre os espazos naturais, patrimonio e espazos culturais do seu concello para a continuación elaborar unha pequena campaña de promoción turística do concello. A través de ferramentas de software libre e gratuito como Scribus e Openshot, elaborará un folleto e un vídeo promocional.

Por último, na TERCEIRA AVALIACIÓN, traballará coas problemáticas medioambientais do noso planeta, examinará e valorará cales son os principais problemas así como as posíbeis maneiras de solucionarlos. Elaborará un vídeo no que se recollan os resultados deste traballo de educación.

En cada un destes proxectos iremos traballando cada unha das competencias básicas. Así mesmo contribuiremos interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (traballo con ángulos, planos de rodaxe..).
- Lingua Galega (contidos de historia da literatura incluídos no primeiro dos proxectos, expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, crise medioambiental, historias e lendas...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, toma de conciencia das inxustizas sociais...).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (fotografía, edición de luz, marcos...).
- Música (escollo da música).
- Tecnoloxía (manexo de linguaxe de programación HTML, manexo de software...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Equipamento de gravación (móviles, tablets...)
Softwares diversos (Notepad++, Scribus...)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será a aula de informática. O alumno ten acceso ao seu ordenador Edixgal no cal poderá traballar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, como poden ser posíbeis dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de seren necesarias.

Os resultados da proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do arquivo HTML co deseño final da páxina web.
 - SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación do folleto e o vídeo de promoción turística do Concello de Mesía.
 - TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación do vídeo sobre os desafíos medioambientais que afronta o noso planeta.
- Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse diferentes aspectos da realización de tarefas, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que o alumno non realice as tarefas asignadas ou a súa actitude no traballo non sexa a axeitada, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que o alumno teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas sobre diferentes aspectos traballados nestes proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

O alumno presenta altas capacidades, así como TDAH. En relación a isto as actividades tentan adaptarse aos seus intereses e está individualizada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

- Fomentarase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsábel, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída	Por concretar	X	X	X

Observacións:

No momento da elaboración da presente programación non se acordará ningunha actividade, porén está valorando a posibilidade de facer algunha saída ou chrala.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguiremos no básico temporalización definida ao inicio do curso, analizando de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados